

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
B.A.T.A. (BAIÓN, ASOCIACIÓN PARA O TRATAMENTO DO AUTISMO)**

En Santiago de Compostela, a 9 de decembro de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

Da outra, don **FAUSTO GARCÍA REY**, presidente da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo), segundo o acordo da Xunta Directiva do 23 de setembro de 2013, con CIF G-36105567, con domicilio social no lugar O Rodo, s/n; Baión; 36614; Vilanova de Arousa (Pontevedra); inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co número 1989/001868-1.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con

toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con trastorno do espectro do autismo.

2. Que a Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) é unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito autonómico, rexistrada como entidade de iniciativa social co número E0219, cuxa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias e, desde un compromiso ético, contribuír, con apoios e oportunidades, a que cada persoa con TEA e a súa familia poida desenvolver un proxecto de vida e promover a súa inclusión como cidadá ou cidadán de pleno dereito nunha sociedade xusta e solidaria

Que entre os fins da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) figuran:

- a) Defender os dereitos das persoas con TEA.
 - b) Crear, desenvolver e xestionar servizos de calidade que proporcionen apoio ás familias das persoas con TEA.
 - c) Buscar os recursos necesarios para o mantemento dos servizos que presta.
 - d) Levar a cabo cantas iniciativas sexan necesarias para a normalización educativa, social e laboral das persoas con TEA.
 - e) Promover o desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas ao intercambio de coñecementos e metodoloxía con outros colectivos que traballan coas persoas con TEA.
 - f) Promover, xestionar e formar ao voluntariado no tratamento das persoas con TEA.
 - g) Deseñar, ofrecer e xestionar programas de formación para profesionais e familias de persoas con TEA.
 - h) Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da asociación ou redundar en beneficio das persoas con TEA
3. Que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título

II pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recoñece que "as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional", e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA, así como da formación do profesorado e do asesoramento e atención ás familias dese alumnado.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo), nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado

co TEA e que recibe apoio da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo), de todas as etapas e niveis regulados pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA.
3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración do persoal profesional da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que contem con alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) debe realizarse por parte do centro docente e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

- a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias. A colaboración da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) na atención ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA, no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo), poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado con Trastorno do Espectro do

Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA, co seu profesorado e coas súas familias.

- b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA, sobre a súa avaliación e sobre as adaptacións curriculares que se estimen necesarias.
- c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA.

Cuarta. *Colaboración do persoal da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) nos centros docentes*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) e as familias do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.
2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.
3. As actuacións do persoal especialista da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) nos centros docentes entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo ou calquera outro síndrome ou trastorno relacionado co TEA, ter regularizada a súa situación laboral coa Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo

Quinta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio

Sexta. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.
3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:
 - a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
 - b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
 - c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Sétima. Avaliación dos procesos de colaboración

1. A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada un dos centros docentes e o persoal da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo) deseñarase por parte da comisión mixta e nela recollerase información facilitada polo propio centro docente e polo persoal da Asociación B.A.T.A. (Baión, asociación para o tratamiento do autismo).
2. Na reunión ordinaria da comisión mixta posterior ao remate de cada curso escolar analizarase a información recollida no curso anterior e elaborarase un informe ao respecto.

Oitava. Interpretación do convenio

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

1. Ambas partes comprométense a cumplir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.
2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

Décima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico correspondente a esa data, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González



POLA ASOCIACIÓN B.A.T.A. (BAIÓN,
ASOCIACIÓN PARA O TRATAMIENTO
DO AUTISMO),

O PRESIDENTE,

Fausto García Rey

